



Unha bonita viaxe

Había unha vez unha ra chamada Lili. Ía ao colexio sen faltar ningún día e era a máis aplicada da súa clase. A profesora estaba moi orgullosa dela porque nunca lle daba preguiza pórse a facer os seus traballos.

Un día o colexio decidiu facer unha excursión á biblioteca do pobo veciño. Lili, Libujo, Tomatito, Supercan, Anale e todas as mascotas subiron encantadas ao autobús, onde fixeron unha fantástica viaxe contando contos e cantando cancións.

Cando chegaron á biblioteca, os nenos do pobo tiñanlles como sorpresa un conto elaborado por eles no que os protagonistas eran as propias mascotas. Alí estiveron parte do día facendo debuxos, guións teatrais, compartindo experiencias cos nenos. Tiveron tamén a axuda dun traseño que non se adicaba a remexer nos libros, senón todo o contrario ensináballe como clasificar os libros por cores e segundo as idades dos nenos.

Cando volveron daquela viaxe dixéronlles aos profesores que para o ano querían repetir a excursión. Tiñan pasado un gran día!



Lili: A nosa mascota

